PARLAMENTO DE GALICIA

[RRC/MSGN]

Acta da sesión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, do día 9 de novembro de 2023

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, o día 9 de novembro de 2023, ás 10:30 horas, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:

Dona María Sol Díaz Mouteira
(Presidenta)
Dona María Felisa Rodríguez Carrera
(Vicepresidenta)
Dona Paloma Castro Rey
(Secretaria)

Vogais:

Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
Dona Ana Belén García Vidal
Don Adrián Pardo López
Dona Noelia Pérez López
Dona Paula Prado del Río
Dona Katherinie Varela Fernández

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Don Xosé Luís Bará Torres
Dona Noa Presas Bergantiños
(en substitución de Dona Iria Carreira Pazos)
Don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Don Pablo Arangüena Fernández

Outros asistentes:
Dona Raquel Arias Rodríguez

Comparecentes:
Fiscal Superior de Galicia
Secretaria xeral técnica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade
Director xeral de Simplificación Administrativa
Letrada:
Dona Raquel Rodríguez Carro

PARLAMENTO DE GALICIA

A Sra. presidenta abre a sesión e rógalle á Sra. secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

Punto 1. Comparecencia do Fiscal Superior de Galicia

1.1 Memoria anual da Fiscalía da Comunidade Autónoma de Galicia 61255 (11/MFSG-000004)

A señora presidenta, logo de darlle a benvida ao señor fiscal superior de Galicia para dar así cumprimento ao mandato legal establecido no artigo 11.2 do Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal, informa que o debate se desenvolverá do seguinte xeito: exposición oral por parte do comparecente por un tempo de entre 20 e 30 minutos, rolda dos grupos parlamentarios por un tempo flexible de 10 minutos, e pecha o debate o comparecente.

A seguir concédelle a palabra ao **señor fiscal superior de Galicia, don Fernando Suanzes Pérez**, quen procede a informar aos membros da Comisión sobre o contido da memoria anual correspondente ao ano 2022.

A seguir, ábrese unha rolda de grupos parlamentarios, para que as súas voceiras e voceiro formulen as preguntas e observacións que consideren oportunas sobre a información recibida, na que fan uso da palabra: a **señora Castro Rey, dona Paloma (S),** o **señor Tabarés Pérez-Piñeiro, don Iago (BNG)** e a **señora Prado del Río, dona Paula (P).**

Ao remate das anteriores intervencións, intervén de novo o **señor fiscal superior de Galicia, don Fernando Suanzes Pérez**, para a dar resposta ás consideracións formuladas polas anteriores intervenientes e con cuxa intervención se pecha o debate desta comparecencia.

A señora presidenta reitéralle o agradecemento ao señor Suanzes Pérez pola súa presenza e colaboración cos traballos desta Comisión e despídeo ata unha vindeira ocasión.

Remata a comparecencia ás 12.25 horas.

Procédese ao debate dos restantes puntos da orde do día:

PARLAMENTO DE GALICIA

Punto 2. Preguntas

2.1 57714 (11/POC-010741)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre a resposta e as previsións da Xunta de Galicia ante as solicitudes de documentación formuladas no Parlamento ao abeiro do artigo 9 e, en concreto, respecto da relativa ao contrato adxudicado a iPlan Movilidad SL o 14 de novembro de 2019
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 553, do 31.08.2023

O **señor Bará Torres, don Xosé Luís (BNG),** dá conta das razóns que levaron ao seu grupo á formulación desta pregunta, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no BOPG anteriormente subliñado.

Para dar resposta a esta pregunta intervén, en representación da Xunta de Galicia, a **señora secretaria xeral técnica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, dona Mª. Pilar Arias Graña.**

En rolda de réplica o **señor Bará Torres, don Xosé Luís (BNG),** expón diferentes consideracións discrepantes coa información facilitada.

Pecha o debate desta iniciativa **señora secretaria xeral técnica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, dona Mª. Pilar Arias Graña,** ampliando a información facilitada na súa intervención anterior.

A Presidencia agradece a presenza da señora Arias Graña nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia da mesma, dado que non ten máis preguntas ás que lle dar resposta.

2.2 60858 (11/POC-011083)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma
Sobre o exercicio da potestade sancionadora da Administración autonómica de Galicia no ámbito da súa competencia e os datos de expedientes abertos e sancións impostas nos últimos cinco anos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 579, do 13.10.2023

O **señor Arangüena Fernández, don Pablo (S),** dá conta das razóns que levaron ao seu grupo á formulación desta pregunta, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no BOPG anteriormente subliñado.

PARLAMENTO DE GALICIA

Para dar resposta a esta pregunta intervén, en representación da Xunta de Galicia, o **señor director xeral de Simplificación Administrativa (Consellería de Facenda e Administración Pública), don Jesús Oitavén Barcala.**

En rolda de réplica o **señor Arangüena Fernández, don Pablo (S),** expón diferentes consideracións sobre a información recibida e reitera a formulación da iniciativa, por entender que non se lle deu resposta ás diferentes cuestións plantexadas.

Pecha o debate desta iniciativa o **señor director xeral de Simplificación Administrativa, don Jesús Oitavén Barcala,** ampliando a información facilitada na súa intervención anterior.

A Presidencia agradece a presenza do señor Oitavén Barcala nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia se desexa retirarse da mesma para atender outras obrigas.

Punto 3. Proposicións non de lei

3.1 60947 (11/PNC-005096)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pardo López, Adrián e 14 máis
Sobre a presentación dunha proposta de resolución e a demanda que a Xunta de Galicia debe facer ao Goberno central referidas respectivamente ao recoñecemento do labor da Policía Nacional e da Garda Civil e á equiparación salarial entre os corpos policiais
Publicación iniciativa carácter urxencia, BOPG n.º 578, do 11.10.2023

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei se presentou unha emenda de substitución por parte do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, (doc. núm. 61997), da que obvia a súa lectura dado que se repartiu copia aos distintos portavoces. *(Achégase a esta acta como anexo copia do citado documento).*

O **señor Pardo López, don Adrián (P),** dá conta das razóns que levaron ao seu grupo á presentación desta iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen por escrito publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

-Incorpórase á sala a señora Arias Rodríguez, dona Raquel-.

Na rolda de grupo parlamentario emendante, intervén o **señor Tabarés Pérez-Piñeiro, don Iago (BNG),** quen, logo de expoñer as súas argumentacións a respecto da proposta formulada, defende a aceptación da emenda presentada polo seu grupo.

Nesta mesma rolda intervén a **señora Castro Rey, dona Paloma (S),** quen, logo de

PARLAMENTO DE GALICIA

expoñer as súas argumentacións a respecto da proposta formulada, motiva a postura do seu grupo en contra do que se demanda na iniciativa.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda defendida, o **señor Pardo López, don Adrián (P),** tras manifestar diversas consideracións a respecto das anteriores intervencións, expón as razóns polas que non vai aceptar a emenda.

Denantes de pasar á votación, a señora Castro Rey, dona Paloma solicita a votación por puntos, ao que o señor propoñente non accede.

Rematado o debate, a Presidencia procede á votación da proposición non de lei:

3.1 60947 (11/PNC-005096), do **G.P. Popular de Galicia.** Sométese a votación o texto resolutivo orixinal. Resulta **aprobada** por:

Votos a favor:..... 7
Votos en contra: 0
Abstencións: 5

O texto aprobado é o seguinte:

«1. O Parlamento de Galicia acorda como resolución o recoñecemento da labor da Policía Nacional e da Garda Civil como corpos referentes e exemplares na defensa da seguridade, da liberdade e dos dereitos.
2. O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno central para a posta en marcha dunha lei de retribucións onde se doten dos mecanismos necesarios para o desenvolvemento da cláusula 8 do Acordo de equiparación salarial que finalice as desigualdades salariais entre os corpos policiais de maneira definitiva.»

Remata a sesión ás 14:05 horas.

(Achégaselle a esta acta como anexo a transcrición literal do punto 1 da orde do día.)

V. e pr.

María Sol Díaz Mouteira	**Paloma Castro Rey**
Presidenta da Comisión	**Secretaria da Comisión**

PARLAMENTO DE GALICIA

ANEXO ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN 1ª. INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR DO DÍA 23 DE NOVEMBRO DE 2023

(Comparecencia do Fiscal Superior de Galicia)

PARLAMENTO DE GALICIA

(Ábrese a sesión ás 10.30 horas).

A **señora presidenta (Díaz Mouteira):** Bo día a todas e todos.

Comezamos unha sesión máis da comisión 1ª institucional da Administración Xeral, Xustiza e Interior. Contamos hoxe e damos a benvida no día de hoxe ao Fiscal Superior de Galicia, a don Fernando Suanzes, que comparece para informar sobre a Memoria da Fiscalía, pero, antes de nada, imos dar conta das asistencias.

A **señora secretaria (Castro Rey)**: Grazas.

(A señora secretaria dá lectura á relación de asistentes.)

Hai quórum, señora presidenta.

A **señora presidenta (Díaz Mouteira):** Grazas, secretaria.

Iniciamos polo tanto o punto 1, como dicía, dándolle a benvida ao fiscal superior de Galicia, que comparece para informar sobre a Memoria da Fiscalía da Comunidade Autónoma do ano 2022, e dar así cumprimento ao mandato do artigo 11 do Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal.

O debate, de conformidade co acordo desta Mesa e as novas reguladores de presentación da Memoria anual do ano 2008 desenvolverase do xeito seguinte. Haberá una exposición oral por parte do señor Suanzes cun tempo aproximado de entre 20 a 30 minutos con flexibilidade, a intervención por parte dos grupos parlamentarios tamén de 10 minutos, e un peche flexible tamén, señor Tabarés, e dentro dunha orde pecharía tamén a exposición o fiscal superior.

Iniciamos por tanto a comparecencia da Memoria anual da Fiscalía da Comunidade Autónoma coa intervención do señor Fernando Suanzes Pérez, ten a palabra.

O **señor Fiscal Superior de Galicia (Suances Pérez):** Señora presidenta, señoras e señores deputados, bos días.

Como representante institucional da Fiscalía da Comunidade Autónoma, é unha honra para min comparecer ante a comisión de Xustiza do Parlamento de Galicia, para presentar a Memoria anual relativa á actividade do Ministerio público

PARLAMENTO DE GALICIA

correspondente ao ano 2022, cumprindo así o mandato do artigo 11.2 do Estatuto Orgánico do Ministerio Fiscal.

Como sinala a Instrución 1/2014 da Fiscalía Xeral do Estado, as memorias dos órganos do Ministerio Fiscal, constitúen a cintra un espazo de reflexión e autocrítica, de formulación de problemas, e subxestión de solucións, de posta en común de boas prácticas e difusión dos avances conseguidos.

A Cextra deben permitir aos seus destinatarios: Goberno central, Cortes Xerais, Consello do Poder Xudicial, gobernos e asembleas lexislativas das comunidades autónomas, adoptar no marco das súas respectivas competencias medidas para a mellora da Administración de xustiza.

Os fiscais superiores recollen as súas memorias unha exposición sucinta dos aspectos da súa competencia directa, así como unha síntese da actividade do Ministerio Fiscal en toda a Comunidade Autónoma cos extremos de maior interese e transcendencia da actividade das fiscalías territoriais.

A nosa institución posúe unha marcada dimensión pública e social, polo que dentro dos límites legais estatutarios, temos a obriga de ofrecer á sociedade unha información obxectiva, transparente e veraz da nosa actividade.

O obxectivo da miña comparecencia é dar conta do traballo que de xeito comprometido e rigoroso levan a cabo os fiscais que desenvolven o seu labor en Galicia con apoio fundamental dos funcionarios integrantes das diferentes oficinas fiscais. Son 149 os fiscais que conforman o persoal da Fiscalía de Galicia. Deles uns 66 % foron mulleres, o que supuxo que 6 de cada 10 fiscais teñan nome de muller, moitas delas en postos de responsabilidade.

Os fiscais da nosa comunidade autónoma realizaron un total de 14.688 cualificacións, ao que debería sumarse 535 escritos de alegacións no proceso penal de menores, ademais estarían as cualificacións verbais nos xuízos por delitos leves celebrados. Asistiron a 16.272 xuízos, e tramitar o 953 dilixencias de investigación, instrumento este paradigmático do Ministerio Fiscal.

Neste sentido, a circular 2/2022 da Fiscalía Xeral do Estado sobre a actividade extraprocesal do Ministerio Fiscal no ámbito da investigación penal, supuxo un importante paso para o desenvolvemento da actividade investigadora, e é unha vía práctica para a institución que, en palabras do Fiscal Xeral, supón unha carreira xa preparada para asumir a dirección da investigación criminal.

Quero poñer en valor a responsabilidade, e o esforzo de todos os integrantes da carreira fiscal en Galicia, que como non podía ser doutra forma, están a cumprir a súa

PARLAMENTO DE GALICIA

función de protección dos dereitos dos cidadáns, centrándonos de forma especial naqueles que se atopan en situación de vulnerábel vulnerabilidade por razón de idade, xénero, discapacidade, situación familiar ou laboral e as vítimas.

Doutra banda, é relevante constatar que a Fiscalía autonómica dedican parte dos seus recursos a ser percibida como una institución transparente, fiable, próxima á cidadanía, amable e accesible.

A comunicación é un dos elementos básicos esenciais imprescindibles dunha institución constitucional, peza angular ademais do Estado de dereito, a Fiscalía da Comunidade Autónoma e o seu Fiscal Superior, e por extensión as fiscalías territoriais e todos os fiscais de Galicia dispoñen desde o ano 2008 dun gabinete de comunicación, cuxo obxectivo fundamental é trasladar á opinión pública o labor que realizan os fiscais e dar cumprimento ao dereito dos cidadáns para recibir unha información veraz dos procedementos e asuntos xudiciais e das fiscalías, á vez que fomenta unha imaxe positiva do Ministerio Fiscal.

Durante o último ano desenvolveu, entre outras, as funcións de elaboración e envío de notas de prensa, a atención e resposta ás numerosas solicitudes de información por parte dos medios de comunicación, facilitou os escritos de acusación e ditames que debidamente anonimizados consideráronse relevantes.

O Ministerio Fiscal ten a obrigación estatutaria de ofrecer á sociedade unha información obxectiva, clara, transparente e veraz, dos procesos nos que concorra interese informativo. Facilitar información, xa sexa porque requirida polos medios de comunicación ou ben porque dende a Fiscalía considérase que debe ser coñecida polos cidadáns, forma parte da dimensión pública do traballo do fiscal, e nesta conxuntura continuaremos nos sucesivos anos desenvolvendo a instrución 1/2022, do Fiscal Superior, da Fiscalía Superior de Galicia, sobre o protocolo de comunicación nas fiscalías de Galicia.

Os medios tecnolóxicos constitúen outro dos parámetros esenciais para a Fiscalía e a Administración de Xustiza. Hoxe a Fiscalía do século XXI conserva a esencia e as herdanzas recibidas, e incorpora a modernidade apoiándose nas novas tecnoloxías. Niso traballouse o pasado ano en coordinación coa Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia —Amtega— alcanzando un desenvolvemento nas fiscalías cada vez de maior calidade.

A Memoria da Fiscalía tamén contén unha exposición pormenorizada, apoiada en datos estatísticos da evolución da criminalidade a través dos seus principais indicadores, así como comentarios, explicacións e propostas sobre aspectos máis relevantes, e a actuación do sistema xudicial de indubidable interese público. Tentarei expoñer todo isto do xeito máis conciso posible.

PARLAMENTO DE GALICIA

Dinámica dos procedementos. O exercicio 2022 é o sétimo onde se reduciu de forma drástica o número xeral de asuntos incoados como consecuencia da reforma da Lei de axuizamento criminal de 2015, que entón levaba aparellada a limitación do número xeral de atestados enviados pola Policía aos xulgados. Deixáronse de remitir, e por conseguinte se puido dedicar a outras cuestións a actividade fiscal e xudicial. De maneira que houbo un descenso nestes sete anos acumulado dun 41,20 % na incoación de procedementos.

En xeral, despois de descenso do ano 2020, seguido dunha recuperación no 2021, obsérvase no 2022 un lixeiro aumento das cifras de procedementos incoados e tramitados. Así as cousas, cómpre seguir redobrando esforzos e avanzando cara unha xustiza máis eficiente, máis rápida, que culmine o proceso de modernización e dixitalización, do mesmo xeito que cómpre abordar sen máis demora outras transformacións de maior calado, como é o caso da gran reforma do proceso penal en España, na que o Ministerio Público, así o esperamos, está chamado a xogar un papel destacado.

A evolución da criminalidade. Volvendo aos datos estatísticos, no ano pasado tramitáronse nos xulgados galegos un total de 139.313 asuntos, un 1,19 % máis que no 2021, e dos que finalizaron 102.000 cun lixeiro aumento interanual do 0,67 %. Polo tanto, quedaron pendentes máis de 36.000 procedementos, unha baixada de 2,65 %. Dentro dos tramitados, os procedementos incoados foron 107.000 cun incremento do 5,25 %.

Cómpre salientar os datos estatísticos relativos ao escritos de cualificación fiscal, aos xuízos celebrados situáronse nunha cifra de 14.688, con lixeiro aumento interanual de máis do 4 %.

Polo atinente aos xuízos celebrados, reflíctese unha tendencia semellante de certa estabilización despois dun elevado incremento do 37 % do pasado ano. No 2022 a cifra total de xuízos celebrados situouse en 18.933 con lixeiro descenso dun 5,92 %.

A actividade xudicial resolutoria amosa un total de 21.200 sentenzas ditadas, cun feble descenso de 1,30 %. O que supón tamén unha tendencia á estabilización.

Salientable é o dato das sentenzas condenatorias por conformidade do acusado con acusación fiscal, que no 2022 volven a representar case dous terzos das condenatorias, así como case a metade da cifra total da sentenza.

PARLAMENTO DE GALICIA

A evolución da criminalidade en Galicia arroxa unha cifra total de algo máis de 91.900 delitos incoados nos diferentes xulgados, o que implica un incremento do 5,72 %.

Os delitos contra a integridade física seguen sendo os que con máis frecuencia ingresa nos xulgados, un 7,06 % máis que o ano anterior.

No 2022 rexistráronse 7 supostos de homicidio doloso ou asasinato consumado, 11 menos que o ano anterior. Ningún por violencia de xénero.

Os delitos patrimoniais e socieconómicos incoados, cunha cifra de máis de 22.000 aumentaron un 5,32 %. Os tipos delituosos máis importantes foron: a estafa, os danos, os furtos e os roubos con forza nas cousas, que representan en conxunto preto da cuarta parte da cifra total de delitos incoados.

Neste grupo de delitos patrimoniais encádranse tamén a usurpación de bens inmobles, moito menos relevante en número que os delitos anteriormente citados, pero sen dúbida fronte de preocupación e mesmo de indignación cidadá. O ano pasado houbo 404 novos casos ingresados, cun incremento case cercano ao 10 %, en concreto 9,78 %.

Sen dúbida é un tema difícil, no que se interelacionan cuestións xurídicas de tipo penal, civil e administrativo, xunto con outras de encaixe social e económico.

Na orde penal houbo a proposta para incluír os delitos de usurpación no ámbito dos xuízos rápidos, así como de endurecer as penas, en especial ante a existencia de organizacións que obteñen lucro da ocupación ilegal, e atenualas nos casos de persoas vulnerables ou cando o ocupante restitúa de forma plena o inmoble nun prazo de 48 horas.

Noutra orde de cousas segue sendo preocupantes pola súa gravidade os niveis dos delitos contra a liberdade sexual. O pasado ano a cifra total desta tipoloxía delituosa sitúa hoxe en 1.698 ilícitos incoados nos diferentes xulgados de Galicia, un aumento interanual do 11,40 %, case as tres cuartas partes deste grupo delituoso corresponden ao subgrupo das agresións, e antes tamén chamadas abusos sexuais a maiores.

Destaca o delito de agresión sexual sen acceso carnal, que rexistrou unha cifra de 559 ilícitos, cun incremento do 18 %, e unha porcentaxe de preto de un terzo da totalidade dos delitos sexuais.

PARLAMENTO DE GALICIA

Salientable tamén a cifra de 581 delitos, antes chamados de abusos sexuais sen acceso carnal, cun aumento do 1 % e unha porcentaxe de máis dun terzo da totalidade.

No mesmo grupo de delitos sexuais, os datos de ilícitos sempre preocupantes pola súa gravidade, que teñen como vítimas vulnerables aos menores ou ás persoas discapaces merecen tamén ser salientados, así como aqueles outros relativos nos que se apreza un impacto do uso delituoso das tics. Así, os subgrupos dos delitos de agresión sobre menores rexistraron no 2022 unha cifra de 210, cun descenso do 17 %, e destacan os descensos nos tipos delituosos do antes chamado abuso sexual e agresión sexual sen acceso carnal a menores de 16 anos. Pola contra, é salientable o aumento do cen por cen nas agresións sexuais con acceso carnal a menoreds os 16 anos.

O acoso por telecomunicación a menores —grooming—, diminuíu un 6,67 %, a produción, distribución e tenencia de pornografía tamén descendeu un 4 %, a utilización de menores con fins pornográficos outro descenso do 11 %, e a corrupción de menores tamén descendeu un 5 %. Sen embargo a prostitución de menores ou persoas discapaces incrementouse nun 8,33 %.

Dado o aumento xeral no grupo dos delitos sexuais, maila baseada en todos os tipos delituosos contra as persoas vulnerables, como o Ministerio Fiscal, e porque así o exixe a nosa función tuitiva, cómpre unha chamada de atención sobre unha circunstancia ante a que non debemos permanecer alleos nin impasibles, posto que mantense a realidade dos antes chamados abusos e agresións aos menores e persoas con discapacidade.

Nesta materia, facer unha especial referencia á Lei orgánica 10/2022 do 6 de setembro, da garantía integral da liberdade sexual, que na disposición final cuarta, modifica o Código Penal en materia de delitos contra a liberdade sexual.

O obxecto declarado desta lei é a garantía e protección integral do delito e liberdade sexual e a erradicación de todas as violencias sexuais, e a súa finalidade e a adopción política a nivel estatal e autonómico, que garanticen a sensibilización, a prevención, a detención e a sanción das violencias sexuais con implantación de todas as medidas de protección integral axeitadas, para afrontar todas as formas de violencia sexual que afectan á vida das mulleres, nenas, nenos e adolescentes. A súa aplicación motivou, como é sabido, durante o ano pasado, diversas resolucións xudiciais en materia de dereito transitorio, e a aplicación da retroactividade favorable en materia penal.

No tráfico de drogas o pasado exercicio, os delitos incoados nesta materia acadaron a cifra de 1.166, cun lixeiro descenso interanual do 6 %, dos cales preto das dúas terceiras partes foron por grave dano á saúde.

PARLAMENTO DE GALICIA

A actividade da Fiscalía Antidroga foi dirixida non só á protección da saúde pública, senón tamén á loita contra unha actividade criminal organizada, que trata de acadar o maior enriquecemento económico e patrimonial posible.

Como dixemos en anos anteriores, aínda queda moito por percorrer para que o tráfico de drogas sexa cada vez menos rendible ás organizacións que se lucran do mesmo, pero a regulación actualizada decomiso no Código Penal, así como a implementación do funcionamento práctico e da Oficina de recuperación e xestión de activos, son ferramentas para lograr efectivos reais e tanxibles mediante a incautación e investimento en beneficio da sociedade, das ganancias patrimoniais das organizacións de narcotráfico.

No contexto actual da crise institucional, social e económica, pese a súa pouca entidade cuantitativa seguen a merecer especial atención e inquedanza na cidadanía o complexo o fenómeno dos delitos relacionados coa corrupción, non só no ámbito político e administrativo, senón tamén no eido social e económico, e que supón un grave quebranto dos exixibles principios da ética e a transparencia na xestión das organizacións públicas e privadas.

O pasado ano rexistráronse 178 incoacións cun apreciable aumento interanual do 22 %, a prevaricación administrativa segue a sumar a metade dos casos, seguida do branqueo de capitais e do tráfico de influencias.

Segue acentuándose a colaboración en materia de corrupción por parte da Fiscalía galega co Consello de Contas de Galicia, no marco dun protocolo que xa vén do ano 2018. Desde o 2021 a Fiscalía está representada por dous fiscais na Comisión de seguimento, e se realizan xuntanzas anuais. Así ocorreu representada por 2 fiscais na Comisión de Seguimento e se realizan xuntanzas anuais. Así ocorreu no 2022, onde se celebrou a xuntanza de traballo desta comisión.

Polo que se refire ás especialidades, seguimos afondando na especialización da nosa actividade nas áreas de maior interese social. Os resultados son apreciables grazas a un cualificado corpo de fiscais especialistas, que convertéronse en referente ineludible nas súas respectivas materias, como é o caso do medio ambiente, seguridade viaria, estranxeiría, criminalidade informática, cooperación internacional ou vixilancia penal, aos que se incorporaron nos últimos anos os delegados autonómicos en materia de violencia sobre a muller, menores, sinistralidade laboral ou persoas maiores e discapaces.

Por desgraza é xa a obrigada a mención á violencia machista, a muller segue sendo protagonista forzada dunha terrible realidade, a violencia de xénero. Coma cifra cero de asasinatos no 2022, na nosa comunidade a loita contra a violencia machista é e

PARLAMENTO DE GALICIA

debe seguir sendo, unha prioridade en todos os ámbitos e en todos os niveis. Violencia machista e agresións sexuais que percorren como a peor pandemia todos os estratos e idades, infectando todas as profesións e ambientes deportivos, culturais e empresariais, académicos, rurais ou urbanos.

Violencia machista que se vive na rúa, nas casas, nas oficinas, nos centros educativos, unha violencia sostida, polo piar da desigualdade coa que temos un deber: eliminalo.

No ano 2022 non houbo que rexistrar mortes de ningunha muller por violencia de xénero na comunidade autónoma, fronte a tráxica cifra de 49 a nivel estatal. As cifras das denuncias situáronse en 7.029, cun aumento internaual do 12 %, por enriba da cifra media de 6.225 nun período anterior de 5 anos, no que se aprecia un aumento de máis dun terzo entre o inicio e o final do período.

Segundo a estatística fiscal, foron incoados nese ano 2022, 7.631 procedementos penais por violencia de xénero, cun incremento do 12 %. Cómpre seguir facendo fronte, sen titubeos, a este intolerable xeito de violencia, malia que non houbese muller algunha asasinada no 2022, o número de mulleres vítimas segue ascendendo, cunha cifra de 6.926, e é un incremento anual de máis de un 11 %.

Estamos a falar dunha realidade que ocupa boa parte do traballo dos fiscais, especialmente da súa actividade acusatoria penal. No ano pasado formuláronse un total de 3.703 cualificacións fiscais, cun lixeiro descenso do 4 %, que representa a cuarta parte respecto da cifra global de escritos de acusación en Galicia.

Os delitos cualificados máis representativos cuantitativamente foron: o maltrato ocasional, seguido do quebrantamento de medida cautelar ou condena, o maltrato habitual, e as ameazas cando non tristemente de falecementos, o que non sucedeu o ano pasado.

En canto ás sentenzas ditadas no 2022, consta unha cifra total de 1.641 cun lixeiro incremento interanual.

Segundo resulta da estatística xudicial, os datos máis salientables das ordes de protección e medidas cautelares son os seguintes: 1.882 solicitadas, tamén cun incremento de máis do 5 %, das que foron adoptadas máis dun terzo do total.

Xunto coas medidas de protección sobre mulleres vítimas e menores desde o inicio das actuacións policiais ou xudiciais, ata a sentenza firme, hai que garantir o seu cumprimento. O nivel de quebrantamento das medidas cautelares é relativamente alto, e por outra banda, existe unha tendencia á reiteración destas condutas de incumprimento.

PARLAMENTO DE GALICIA

A implicación de todo o sistema xudicial nesta loita é absoluta, e seguiremos respondendo a este cancro con total determinación.

España, como xa dixemos, é un dos países do mundo cun maior compromiso coa loita contra a violencia de xénero, e a Fiscalía española contribúe de forma sobresaínte co traballo e dedicación da Unidade especializada de Violencia sobre a Muller e o seu incesante labor en continua progresión e innovación, con importantes avances en varios frontes.

Tampouco debemos olvidar os chamados delitos de odio. Como é sabido, no ano 2021 un mozo de 24 anos perdeu a vida tras recibir una brutal paliza tamén moi cerca de aquí, nun dos lugares máis emblemáticos da cidade da Coruña, un caso de violencia brutal e desmedida aínda xudicializado, que lembramos sempre e que recentemente, o pasado setembro, formulouse pola Fiscalía o consiguiente escrito de acusación, por tanto está pendente de xuízo.

Os delitos de odios incoados en Galicia no 2022 foron 12, o que supón un descenso dun 20 %. Non houbo cualificacións fiscais.

A delincuencia informática asociada ás novas tecnoloxías, constitúe nestes momentos a ameaza máis grave ao dereito da intimidade das persoas, ademais de ser instrumento para accións delituosas sofisticadas. Esta ciber delincuencia defínese a través de varios rasgos específicos, como a súa facilidade comisiva, ou posible carácter transfronteirizo, as dificultades na súa prevención, investigación, represión, o alto grao de impunidade e nos casos máis graves a potencial produción de danos tecnolóxicos e económicos de gran magnitude.

Particularmente salientable é a incidencia das tics en determinados ámbitos delituosos, incluso de xeito interrelacionado, como os delitos patrimoniais e socioeconómicos, os delitos contra a liberdade persoal: inxurias, calumnias, ameazas; delitos de odio e discriminación contra grupos de persoas vulnerables: mulleres, LGTBI, menores, discapaces, estranxeiros; ou os delitos cometidos contra menores a través das redes informáticas: ciberacoso e violencia de xénero, sen esquecer a utilización das TIC como instrumento delituoso por parte de grupos e organizacións criminais.

No ano 2022 rexistrouse unha cifra total de 2.839 procedementos xudiciais incoados por delitos informáticos, cun aumento interanual do 35 %.

Os grupos delituosos máis salientables cuantitativamente foron: delitos patrimoniais contra a liberdade sexual, e contra a liberdade.

PARLAMENTO DE GALICIA

O grupo de delitos informáticos patrimoniais rexistrou unha cifra de 2.557 ilícitos, cun incremento do 42 %. Dentro deste grupo merecen especial atención os delitos de estafa, cun incremento tamén do 42 %, e unha elevada porcentaxe de cerca do 90 % da totalidade dos delitos informáticos.

Resulta evidente, que a estafa segue sendo a estrela da ciberdelincuencia, reinventándose cada día a pesar das alertas e recomendacións dos expertos de non abrir ficheiros, picar ligazóns nin dar nunca o número de conta ou pin da tarxeta. Os métodos de engano son multiformes, dificultan as medidas de protección, correos falsos de entidades bancarias, ofertas de traballo, paquetes para recoller multas de tráfico, declaracións da renda, ganancias de criptomonedas, e ultimamente tamén, como recolle a prensa, as falsas, solicitude de axuda de familiares en apuros. Así, que «papá mándame por favor a esta conta un número da túa conta para facer unha transferencia e demais... » hoxe recolle a prensa unha estafa desta índole de dous mil e pico euros ao pai.

Pola súa banda o grupo de delitos informáticois incoados contra a liberdade sexual rexistraron unha cifra de 116 ilícitos, con descenso do 13 %. Os tipos delituosos máis salientables cuantitativamente neste grupo son: os de pornografía infantil, ou persoas discapaces cometidos a través das tics, o de acoso de menores de 16 anos, e os demáis delitos contra a liberdade sexual cometidos a través das tics.

En caso dos delitos informáticos incoados contra a liberdade: ameazas, coaccións e acoso, rexistráronse 83 ilícitos, tamén cun incremento interanual do 15 %.

Malia o progresivo aumento dos delitos informáticos, é moi acusado o contraste e as cifras de delincuencia real e a delincuencia coñecida, como referimos nos pasados anos. Calcúlase que non chega máis que a un 10 %, e que hai unha delincuencia oculta do 90 % no ámbito xudicial.

Ademais dos tipos delituosos de carácter patrimonial ou económico, cada vez se detectan máis ataques contra os bens personalísimos, como a intimidade, a honra ou a liberdade e intimidade sexual, co agravante de que o uso dos medios tecnolóxicos en ciberespacio conleva en moitas ocasións, que a dimensión dun dano sufrido se multiplique, debido ao enorme grado de difusión.

No que respecta á area de protección do medio ambiente, cabe lembrar que a conservación e mellora da nosa contorna ecolóxica, é un mandato dirixido aos poderes públicos, pero tamén á cidadanía, e os fiscais asumimos a necesidade de velar e desenvolver a súa protección.

Os procedementos xudiciais incoados se elevaron á cifra de 565, cun incremento interanual do 15 %. O grupo de delitos de incendios forestais rexistraron

190 ilícitos incoados, cun elevado incremento de case o 47 %. 17 cualificados polo Ministerio Fiscal, e 20 sentenciados.

No referente ao grupo dos delitos de maltrato a animais domésticos, consta un total de 123 incoados cun apreciable incremento de máis da cuarta parte.

En canto ao grupo dos delitos contra a ordenación do territorio e urbanismo, figuran 48 incoados, cun descenso do 40 %.

As dilixencias de investigación penal realizadas polo Ministerio Fiscal na área de Medio Ambiente, e Urbanismo, acabaron no 2022 cunha cifra de 127, cun descenso interanual de case o 30 %. Sigue sendo relevante a colaboración e o traballo da Policía Autonómica, e sobre todo da Garda Civil na loita contra a actividade incendiaria.

E, por outra banda, debe resaltar tamén o traballo da Axencia de protección dá legalidade urbanística, esencial tamén no que se refire aos delitos contra a ordenación do territorio.

No ámbito da seguridade viaria, a cifra de delitos incoados situouse en 9.164, cun lixeiro incremento do 11 %, destacando os tipos delituosos de condución influenciada, cunha porcentaxe de máis da metade, e os de condución sen licenza e permiso. Os delitos cualificados acadaron unha cifra superior aos 6.000, cun aumento do 12 %. Máis da metade dos cualificados foron os delitos de condución influenciada.

Por outra banda, cómpre facer una reflexión sobre a importancia da sinistralidade laboral derivada dos accidentes de traballo, temática de enorme gravidade, con grandes repercusión nos eidos persoal, familiar, social e económico.

Os datos estatísticos poden axudar na comprensión da tráxica dimensión da sinistralidade laboral. No ano 2022, partindo da estatística administrativa, houbo en Galicia unha cifra total de máis de 31.000 accidentes laborais con baixa que conleva un aumento ineranual do 7,7 %. A meirande parte deles foron en xornada laboral, e moito menos in itinere.

A actividade fiscal en materia de sinistralidade laboral, foron formuladas un total de 24 cualificacións fiscais, cun descenso de 11 %. Ademais, foron incoadas 58 dilixencias de investigación.

Fai falla destacar, que de ningún xeito podemos quedar indiferentes fronte á dor e os efectos devastadores, especialmente das propias vítimas e das súas familias derivado destas continxencias laborais.

PARLAMENTO DE GALICIA

É sobradamente coñecida a gravidade e a extensión do fenómeno da seguridade e saúde no traballo, tal como se apuntaba ao protocolo marco subscrito en 2007 polo Consello do Poder Xudicial, a Fiscalía Xeral do Estado, e os ministerios de Traballo e de Interior.

Este drama social comporta inxentes danos e perdas humanas, así como elevados custos empresariais, perda de competitividade e conflitividade nas relacións laborais. Require dos poderes públicos e axentes sociais unha decidida actuación para a prevención e represión da delincuencia nesta materia.

Como mostra da gravidade deste fenómeno ao xa apuntado, debe resaltarse, que segundo os datos máis fiables achegados pola estatística administrativa, durante o ano 2022 rexistráronse en Galicia un total de 75 accidentes de traballo mortais, fronte aos 54 do ano anterior.

A Fiscalía Especial e os seus delegados en Galicia, continuaron durante o pasado ano cun especial seguimento e procura de solucións a esta problemática.

Respecto á área de menores. Reflíctense os seguintes datos como máis relevantes o ano pasado. No relativo aos procedementos incoados, unha cifra de 3.193 cun incremento interanual de máis do 5 %. Foron intervidos ou axuizados un total de 608 menores de idade, cun descenso interanual dun 2,2 %.

A cifra total de delitos incoados situouse en 2.846, cun descenso interanual do 13 %. Os grupos delituosos máis representativos foron: primeiro delitos patrimoniais; logo delitos de lesións; terceiro delitos de violencia familiar; delitos contra a liberdade sexual; delitos contra a seguridade viaria; delitos contra a saúde pública; e por último un delito contra a vida.

Os ilícitos relacionados coa violencia doméstica, foron tamén en 269, cun incremento do 15 %. E os de violencia de xénero rexistraron unha cifra total de 39, cun aumento do 18 %

As cualificacións fiscais tiveron un descenso do 14 %, e acordáronse un total de 96 resolucións extraprocesuais, cun descenso do 26 %. Lonxe aínda estamos do obxectivo dun 20 % ou 25 % que require da dotación de máis medios, nomeadamente nos equipos técnicos de menores.

Impuxéronse 487 medidas a menores sen sentenza, sendo os máis representativos: internamento en establecemento semiaberto, liberdade vixiada, prestacións en beneficio á comunidade, e internamento en centro terapéutico.

PARLAMENTO DE GALICIA

A vixianza e seguimento da execución das sentenzas, é sen dúbida unha labor de extraordinaria importancia, debido á que non só hai que impoñer as penas que corresponden, senón tamén garantir o seu cumprimento.

De acordo coa estatística fiscal, o ano pasado foron despachadas un total de 22.000 executorias, cun aumento interanual do 20 %. Emitíronse ademais máis de 41.000 ditames, cun incremento do 17 %.

Non quixera terminar este repaso polas xurisdición penal sen facer mención á actividade investigadora da Fiscalía, actividade paradigmática á que xa nos referimos, e que sumou 953 dilixencias de investigación, incoadas nas fiscalías territoriais de Galicia cun lixeiro descenso.

Por último, gustaríame facer unha rápida mención a unha parte esencial do traballo da Fiscalía, posto que unha porcentaxe moi destacada da nosa actividade desprégase en orde civil, contencioso-administrativo social. É aquí onde se plasma dunha forma paradigmática a función da tutela dos dereitos fundamentais da cidadanía, en particular dos colectivos vulnerables, como é o caso dos consumidores e usuarios, menores, estranxeiros, discapaces, persoas desvalidas, ámbitos no que a aspiración dos fiscais é xa un feito.

Continuamos facendo un seguimento das persoas maiores dende o ámbito tuitivo de protección xurídica, como de darse o caso tamén nun ámbito penal.

Así aconteceu no seguimento dos procedementos seguidos por falecemento por causa da covid-19 das persoas maiores nas residencias, como continuación das actuacións xa iniciadas en marzo de 2020 ao comezo da pandemia do coronavirus.

A Unidade de Apoio da Fiscalía Xeral do Estado requiriu ás fiscalías autonómicas información actualizada trimestralmente sobre as denuncias, querellas fiscais e procedementos xudiciais relativos a falecementos de persoas maiores nas residencias de terceira idade.

Recabouse toda a información requirida e remitiu ás fiscalías territoriais galegas unha instrución do fiscal superior sobre a actuación das fiscalías nas dilixencias de investigación nos procedementos penais incoados por falecementos nas residencias e centros de maiores como consecuencia do covid-19.

No ano 2022 na Memoria tamén recolle un apartado sobre o tema específico de obrigado cumprimento, a vulnerabilidade das persoas estranxeiras e as diversas respostas xurídicas ante o fenómeno da inmigración. Neste apartado constan as achegas realizadas polas fiscalías territoriais de Galicia, das que a modo de resumo, poderiamos dicir que a vulnerabilidade das persoas estranxeiras se considera un fenómeno complexo

PARLAMENTO DE GALICIA

e multifacético, que deriva da condición que lles impón a sociedade de acollida dentro do seu ámbito de relacións sociais cos autóctonos.

A resposta xurídica ante o fenómeno da inmigración engarza por unha banda cun conxunto de normas xurídicas, leis, regulamentos, políticas e tradicións, e por outra coa estrutura organizativa nacionais rexionais e internacionais, e cos procesos que regulan a determinación e a actuación dos estados en resposta á inmigración en todas as súas formas, abordando os dereitos e obrigacións, e fomentando a cooperación internacional.

En outubro de 2022 celebrouse no Pazo de Mariñán a conmemoración do 40 aniversario do Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal, aprobado por unha lei do 1981, pero publicado en el Boletín Oficial do Estado do ano 1982. Unha efeméride moi especial para facer memoria, consolidar o presente e mirar de cara ao futuro.

Fixemos memoria e rendemos homenaxe aos centos de miles de fiscais, que ao longo destas catro décadas asumiron o compromiso de converter en realidade o mandato contido no artigo 124 da Constitución, a todos os que traballaron durante eses 40 anos para que a Fiscalía fose garante da legalidade e amparo dos máis desfavorecidos.

Consolidamos o presente, facendo un recoñecemento público a todos os compoñentes do Ministerio Fiscal, profesionais que foron adaptando os tempos ás necesidades do momento e cuxa resiliencia ante as adversidades permitiu que os piares da Fiscalía se mantiveran firmes e sólidos.

E miramos cara o futuro baixo o paraugas da confianza institucional, co horizonte posto non da Fiscalía do século XXI, que incorpore a modernidade sen complexos, con transparencia e comunicación da man das novas tecnoloxías, onde as fiscalías de Galicia continuarán despregando as súas importantes funcións sociais nas materias aludidas, que en definitiva configuran o Ministerio Público como un órgano esencial na estrutura política do Estado, converténdoo no custodio da legalidade democrática e tutelador dos dereitos da cidadanía.

Remato xa, os avatares políticos, a crise sanitaria, económica e social, xunto con eventos diversos como as folgas dalgúns corpos da Administración de Xustiza, a celebración de eleccións xerais, e o atraso na resposta a asuntos xudicializados, entre outros problemas que nos afectan, conforman un tempo de incerteza e complexidade.

Hai agora 8 anos do meu no mantemento como o fiscal superior, onde advertín da necesidade dun pacto de Estado para a Xustiza, que non só buscara o consenso en determinadas cuestións puntuais, senón que tamén e sobre todo, levaría un plan de incremento considerable do orzamento. Nalgún momento débese de dar o paso

PARLAMENTO DE GALICIA

definitivo para cambiar a dinámica que existe desde hai tempo, que é de extrema contención do investimento en xustiza.

Os orzamentos xerais do Estado non pasan do 1 % do produto interior bruto, no que ao noso apartado se refire dos que máis da metade están dedicados á retribucións en materia de persoal, en contraste con países da nosa contorna que superan o 2 %.

Hoxe en día é xa un clamor entre os distintos operadores xurídicos esa necesidade, e é un chamamento aos partidos e poderes públicos para que dende o diálogo e o consenso alcancen un pacto estable e duradeiro para reformar un servizo público básico e esencial.

Entre outras medidas e ao que a Fiscalía se refire, a autonomía orzamentaria, unha nova Lei de axuizamento criminal, e a asunción da investigación penal polo Ministerio Fiscal, parecen xa obxectivos inaprazables. Trátase, en definitiva, de promover unha xustiza acorde á realidade do século XXI asegurando a súa independencia.

Agradezo a súa atención, e permítanme expresarlles a todos os vostedes, no meu nome e no de todo o Ministerio Fiscal os mellores desexos para este Nadal e para o vindeiro ano 2024.

Quedo agora á súa disposición para escoitar as achegas e aclarar as cuestións que estimen oportuno.

Moitas grazas.

A **señora presidenta (Díaz Mouteira):** Grazas.

Comezamos agora coa rolda dos grupos parlamentarios.

Inicia o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra a señora Castro Rey por un tempo de dez minutos.

A **señora Castro Rey:** Grazas, presidenta.

Bo día de novo, señor Fiscal Xefe, gazas novamente por vir a relatarnos desa forma tan pedagóxica como fai vostede, pois o que foi a actividade fiscal durante todo o ano 2022.

Previsiblemente esta será ademais a última comparecencia desta lexislatura, unha lexislatura que comezou de forma moi anómala vinculada á pandemia do COVID,

PARLAMENTO DE GALICIA

e o que hai supuxo na actividade fiscal, tanto polo parón no funcionamento da xustiza, como dende o punto de vista da actividade delictiva, porque o cese da actividade social tamén veu vinculada cese da actividade delitiva, e eu tamén creo que vén caracterizado tamén pola aparición destes novos delitos tamén vinculados ao COVID. Bueno, novos delitos non, pero que apareceron de forma máis destacadas, eses delitos de omisión de deber de coidados nas residencias de maiores.

Creo que tras ese inicio que tivemos, ese inicio anómalo como dicía, e neste momento unha vez transcorridos eses 3 anos dende que sucedeu todo, pois creo que polos datos que reflicte este último informe do 2022, pois nos atopamos nunha situación moi similar á do 2019, a época prepandemia, e non sei se vostede está de acordo con iso.

Sempre reiteramos que en 10 minutos non é fácil de tocar todos eses elementos que contén o informe fiscal, pero creo que vou centrarme nalgunhas cousas que considero importantes destacar deste ano 2022.

En primeiro lugar o papel da Fiscalía de Galicia, o número de fiscais como reflicte este informe, aínda está moi lonxe da ratio de xuíces e maxistrados por número de habitantes, e quería que vostede me aclarase se cre vostede que son suficientes, que sería necesario ese incremento, e de incrementarse pois que categoría cree que é onde é máis necesario reforzar ese número de fiscais. Alégrome dese dato de que 6 de cada 10 fiscais sexan mulleres, que deu vostede antes.

A diferencia entre os delitos incoados, e os delitos cualificados ou sentenciados, pois segue a ser grande, e iso reflicte que a tendencia dos procesos dura máis do desexable.

Non podemos é pensar que unicamente por falta deste dato de necesidade de incremento de fiscais que falabamos antes, pero si que creo que hai varios factores e quero nomealos aquí, a ver se vostede coincide comigo que inflúen nesta neste problema, non.

O primeiro sería a necesidade de incremento dos xulgados de instrución, xa que dende a Comisión Mixta leva moitos anos sen solicitar ao Estado o incremento de xulgados de instrución, concretamente.

Despois a mediación penal, que creo que é unha tarefa pendente porque hai simplemente hai anos se probou un proxecto piloto de Santiago, pero ao final quedou todo no aire, non é un recurso utilizado, e moitas veces sería cando se trata de temas leves, pois serían facilmente solucionable se existira unha mediación eficiente. Ou a falla de persoal do Imelga, porque isto si que está a provocar atrasos de ata 2 anos en valoracións e emisións de informes, que ao final afectan a todo o procedemento, incluso

PARLAMENTO DE GALICIA

a posibilidade de cualificación por parte do fiscal porque non chega ese informe necesario.

Incluso nisto que falaba vostede da necesidade de revisar, e que facía constancia tamén no informe e na necesidade de realizar as sentenzas de incapacidade, porque ao final sen ese informe preceptivo do Imelga, pois isto está a atrasar moito un procedemento de revisión, que é obrigado pola nova lei.

Ou tamén outra circunstancia sería, esa implantación da quenda de garda 24 horas nos partidos xudiciais da Coruña e Vigo, que ao final desatascaría enormemente, eses partidos xudiciais que non podemos obviar, que son os partidos xudiciais con máis actividade de toda Galicia.

E quería preguntarlle se está vostede de acordo con esas necesidades, ou cre que eu esquezo algunha que tamén inflúen notablemente nesta diferenza entre o incoado e o final, ou esta duración dos procedementos máis longa do desexable.

Tamén dentro do plano organizativo, vostede dicía a principio de todo, que os medios tecnolóxicos son esenciais para o traballo da Fiscalía, e eu concordo con iso e no plano organizativo creo que é importante que se lle dea pulo a esa nova lei de enxuizamento criminal, que o coloque ao final a fiscalía no eixo da instrución. É unha norma cuxo anteproxecto estaba xa rematado, existían informes positivos cara ela, e espero que agora coa constitución do novo goberno de Pedro Sánchez, pois xa sexa tramitada e aprobada.

E falaba tamén vostede da necesidade desa evolución, dese gran pacto de Estado pola xustiza, que é o que ese plan xustiza 2030 seméllase bastante a ese pacto do que vostede falaba, e con esas tres leis de eficiencia, e con esa modificación da Lei de enxuizamento civil evolucionaremos cara unha nova xustiza máis adaptada aos tempos, porque é verdade que moitas veces está obsoleta.

Preocúpame moito que non demos tampouco evolucionado na implantación dese expediente xudicial e electrónico, nin os sistemas informáticos que permitan unha forma de traballar acorde, como dicía, ao século XXI, o que non acontece ademais noutras administracións, que están a anos luz do que está a administración de xustiza. Non poden vostedes traballar cun sistema que se cae constantemente, ou usando aínda correos electrónicos para as peticións ou as denuncias.

Falaba este informe do sistema Fortuny dixital e a súa implantación nas diferentes fiscalías, e da necesidade de mellorar a súa capacidade, porque polo menos xa teñen acceso aos expedientes de menores, que era unha cousa moi acaída aquí nesta comisión, e que reclamaban dende hai anos e que anos costou o que é unha evolución e que non. Non se entendía que non tiveran vostedes acceso.

PARLAMENTO DE GALICIA

Despois tamén a necesidade, que tamén é necesario mencionar a necesidade dun novo edificio para a Fiscalía autonómica. Creo que perfectamente ten cabida esta demanda nos orzamentos 2024 que estamos a tramitar agora, unha vez rematadas esas grandes infraestruturas xudiciais como o xulgado da Parda de Pontevedra, a Fábrica de Tabacos da Coruña, ou a cidade da Xustiza de Vigo. Creo que é o momento de mirar cara a ese novo edificio para a Fiscalía autonómica.

E despois, xa unha vez entrando na criminalidade en relación coa actividade delictiva, entendemos que non existe unha diferenza notable respecto á evolución dos diferentes tipos delictivos, como dicía en termos xerais. Si que é verdade que eses anos de parón de pandemia, que supuxeron uns datos un pouco anómalos e que agora ata a actividade delictiva podemos dicir que ata volveu á normalidade, comparando un pouco cos datos do 2019.

Destacar, como falaba tamén vostede, eses delitos contra a seguridade viaria, ese incremento deses delitos. Non sei se se debe a un maior control por parte da garda civil, xa que a realidade é que se incrementou número de efectivos estes 4 anos, ou a irresponsabilidade da xente que fallan medidas de sensibilización, e non estamos a acertar despois de tantos anos incidindo nisto. Porque ademais como destacou vostede, máis da metade destes delitos son do tipo que se engloba baixo influencia de bebidas alcohólicas ou substancias psicotrópicas.

Gustaríame que vostede nos comentara se cre que é necesario incrementar esa sensibilización á cidadanía sobre a necesidade de cumprir, e se cre que están a funcionar realmente as sancións ou deberían incrementarse, porque ao final tamén como tamén vostede matizou, vemos neste tipo de delitos unha reiteración delictiva, ou os quebrantamentos de condena e ao mellor é que non estamos poñendo o foco no tipo de sancións.

O incremento tamén dos delitos contra a liberdade sexual, chámanos a atención e destacamos este incremento, e entendemos que pode ser debido á modificación legal que introduciu o consentimento e ampliou o tipo a condutas que antes non estaban tipificadas.

E despois destacaba tamén o aumento destes delitos cometidos por menores, o que nos preocupa moito e incidimos e xa o tocamos noutras noutros momentos, noutras comisións, a necesidade de implantar esa educación afectivo-sexual nas escolas, porque ao final é un elemento esencial para poder evitar este tipo de delitos.

E a violencia de xénero cun leve incremento dun 11 % dos procedementos incoados, o que pode ter unha dobre lectura, porque ás veces este incremento pode ser dende un punto de vista pois un aumento da confianza na xustiza por parte das mulleres,

PARLAMENTO DE GALICIA

o que se vería positivo. Ademais tamén falamos dese incremento na solicitude de ordes de protección, ou tamén por outra banda, o incremento dos casos de maltrato, que ese sería dende o punto de vista negativo. Eu creo que se debe máis o primeiro, o positivo e que está a funcionar, estase a facer un gran traballo dende a administración de xustiza, e creo que creo que debería incentivar esa mensaxe, que ao final a xustiza é o medio de protección ás mulleres e que teñen que acudir a ela para poder saír dese calvario que supón os malos tratos.

Aquí, vostede dicía que ocupa a maior parte da actividade da Fiscalía, esa loita, ese traballo, esa instrución nos procedementos de violencia de xénero. E tamén, en relación a isto, quería que vostede nos comentara se a implantación do que se está a falar deses xulgados exclusivos en materia de violencia de xénero nas principais cidades de Galicia, pois mellorará esa atención xudicial ás vítimas, e se vostede cree que axudará a reducir eses tempos, ou que é necesario complementar a mesma con outras medidas para obter bos resultados.

En relación a isto, tamén nos preocupa moito ese nivel de incumprimento, eses quebrantamentos de condena, ou esa reiteración delictiva dos delitos de violencia de xénero. Entendemos que non están a funcionar esas medidas, eses cursos educativos que se están a impoñer como medida complementaria á sanción, á pena. Cremos que tiña que ser revisado e que tiñan que darlle unha volta ao mesmo, porque a reiteración delictiva neste tipo de delitos é algo habitual.

Por outra banda, os menores, a situación dos menores en Galicia, os delitos aumento anual dun 5 % con carácter xeral, un 15 % no caso de violencia doméstica, ou un 18 % no caso de violencia de xénero. Creo que non está a funcionar o sistema de protección de menores en Galicia, e refírome non só aos menores que cometen delitos, senón a eses menores que necesitan estar tutelados ou que necesitan un seguimento pola situación de vulnerabilidade das súas familias.

Nós xa denunciamos en moitas ocasións a escaseza de persoal deses equipos técnicos da Xunta, que ao final non poden seguir de forma eficiente, de forma axeitada a esas familias a eses nenos, porque teñen un volume tan grande de traballo que é imposible na práctica.

Por outra banda tamén os centros de internamento de menores: Avelino Montero en Pontevedra, ou incluso a Casa da Quinta en Pontecaldelas, ou falaba o informe tamén do de Rábade

A **señora presidenta (Díaz Mouteira):** Ten que ir rematando, señora Castro, por favor.

A **señora Castro Rey**: ...cremos que non hai centros de menores suficientes, non hai centros específicos para cumprir esas medidas de internamento cando supón un tratamento médico, porque as persoas, os menores que delinquen é a consecuencia de patoloxías psiquiátricos ou adicións, e creo que está moi descoidado ese problema e a administración ten que poñerse a traballar nese sentido.

E por último, e xa remato presidenta, quería falarlle dunha instrución da Fiscalía Superior, das que se falaba da necesidade de investigación destes procesos polos falecementos en residencias de maiores, e falaba o informe da dificultade da instrución deses procedementos, e gustaríame que aclarase onde se atopaba esa dificultade.

Por agora nada máis.

A **señora presidenta (Díaz Mouteira):** Grazas, señora Castro.

É agora o turno do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, e para iso ten a palabra o señor Tabarés Pérez-Piñeiro.

O **señor Tabarés Pérez-Piñeiro**: Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías.

Benvido novamente o señor Fiscal superior de Galiza.

En primeiro lugar, manifestar a nosa sincera consideración por esa institución, polo traballo comprometido e rigoroso que nos consta de cada un dos fiscais que o compoñen, e pola importancia desta comparecencia, non só polo seu carácter institucional, que tamén, senón polas achegas que as nosas propostas de reflexión poida realizar o fiscal superior e así poder promover accións ou iniciativas, mesmo lexislativas para mellorar a calidade de vida e a protección da cidadanía que representamos.

No inicio desta última comparecencia da lexislatura, reiterar que tanto nesta lexislatura como en lexislaturas procedentes, no Bloque Nacionalista Galego sempre manifestamos a necesidade de mudar o sistema de elección do Fiscal xeral do Estado para reducir a importancia e a transcendencia da intervención do Goberno, e por iso realmente vemos e lamentamos, pero vemos con certa sorpresa o cuestionamento permanente da independencia de actuación do Ministerio Fiscal que se fai dende algunhas partes, partes que curiosamente tiveron a oportunidade de mudar este sistema e non o fixeron, e mesmo dalgunhas representantes que vemos que ese cuestionamento da independencia, pois ao mellor o xustifican máis que en prácticas forenses, en experiencias procesuais persoais.

PARLAMENTO DE GALICIA

En todo caso, insistimos na necesidade, xa non só dese pacto de Estado ao que facía referencia o fiscal superior, por suposto, pero senón dun xiro de trato á Administración de Xustiza e ao poder xudicial en xeral. Non sei se por intereses persoais, por intereses partidarios de persoas que teñen cuestións sub iudice, pero o certo é que en lugar de mellorar este sistema xudicial, o sistema xudicial actual, o que estamos a ver é unha auténtica degradación e desacreditación preocupante, preocupante na esfera nacional, estatal e internacional.

Por iso insistimos na necesidade de democratizar o sistema de designación, e proceder á inmediata renovación e desbloqueo do Consello Xeral do poder xudicial, unha situación de degradación, que é verdade que vemos día si e día tamén, incluso chegando a extremos como que un ex ministro famoso pola expresión de, «el Ministerio Fiscal ya te lo afina», pois vén de solicitar que se lle exixa responsabilidade a un partido do Goberno, un partido do que formaba parte o Partido Popular, como partícipe a título lucrativo dunha trama corrupta contra a Administración de Xustiza.

Por iso, realmente estamos de acordo nesa necesidade dun pacto de Estado, mais sobre todo dunha reconsideración sincera de onde estamos a levar, non todos na mesma medida, onde estamos a levar a Administración de Xustiza e ao poder xudicial. Non todos na mesma medida, e probablemente con poucas exención de responsabilidades.

Ben, na memoria que hoxe se presenta, relativa ao ano 2022, vemos un número máis alto de asuntos en tramitación na orde penal, e dicimos sempre co matización que xa fixo o señor Fiscal Superior, tanto da despenalización, como da modificación do 2015 que despenalizaba asuntos moi voluminosos, como o que eran as faltas en materia de seguridade viaria, ou incluso a ausencia da preceptiva remisión ao xulgado de moitas causas.

Despois tamén pode alterar entre exercicios a folga de 2018, ou por suposto a pandemia de 2020. Vemos un incremento no número de asuntos incoados en todo caso respecto ao 2021 do 5,28 %, e tamén da concreta actividade delituosa superando os 91.900 e máis dun 5,71 %.

Tomando esta variación interanual e sendo conscientes de que non se nos permitiría analizar como nos gustaría a todos os tipos delictivos, si chama a atención o incremento dun 16 % dos delitos contra a integridade moral, non sei se é debido ao uso ou abuso das tics, ou cal é a razón dese incremento neste tipo delictivo.

No sentido contrario, e despois si que me referirei con máis detemento, si que resulta elocuente a diminución na tramitación xudicial dos delitos contra a saúde pública. Neste momento, simplemente citar que chama a atención esa diminución, e é chamativo en reflexiones realizadas por os corpos e forzas de seguridade do Estado, que

PARLAMENTO DE GALICIA

refiren que o prezo por exemplo do quilo de cocaína está a niveis máis baixos do 2016, e resulta que a persecución de delitos é inferior. Por tanto, vemos aí como algo está fallando, pero xa digo, que nos deteremos con posterioridade.

Tamén si podemos constatar con certa preocupación, por iso queremos deternos niso, o incremento en máis dun 12 % respecto ao ano anterior, das denuncias en materia de violencia sobre a muller, sobrepasando por primeira vez nos últimos anos as 7.000 denuncias.

No sentido contrario, si que podemos ver un aspecto que consideramos positivo, unha redución superior ao 25 % no número de renuncias por parte das vítimas a continuar no proceso penal, polo que consideramos que este cambio de actitude, con incremento posible de xulgados de instrución, e en todo caso dos xulgados de violencia sobre a muller, permitirá un decidido ataque contra o que vostede —e concordamos— cualificou como un cancro social.

Xa digo, sen posibilidade, por limitación do tempo de entrar en todos os tipos, si queriamos tamén deternos nas cuestión de menores. En primeiro lugar, porque se ben hai un descenso de practicamente un 14 % en delitos incoados contra menores, si chama a atención o incremento en máis dun 53 % dos delitos de lesións atribuídos a menores, ou delitos contra a liberdade sexual en máis dun 36 % ou de tráfico de drogas en máis dun 35 %. No momento en que diminúen a comisión de delitos, e o incremento respecto do 2021 destes tipos, resulta cando menos preocupante. E non menos preocupante, resulta un feito, e é que se incrementáronse nun 35 % respecto do ano pasado o número de procedementos arquivados, por ser o presunto responsable menor de 14 anos. Incrementouse unha estatística en máis dun 35 %.

A min gustaríame saber se ten tempo, unha pequena reflexión sobre iso, porque está claro que algo non estamos facendo ben, ou algo se está facendo realmente mal, porque agora os feitos delictivos son cada vez en idades máis tempranas, polo menos un 35 % máis tempranas que no 2021.

Respecto das proposta de actuación ou de reformas normativas, bueno o ano pasado non, pero o anterior si se fai referencia por parte da Fiscalía Superior, non por parte das Fiscalías territoriais, nin por parte da Fiscalía Superior do Estado na súa memoria, unha relación coa usurpación de bens, a pesares de que non viña na memoria ou polo menos eu non o atopei, pero si deu o dato o Fiscal Xefe, que estamos a falar no volume de asuntos neste exercicio dun 0,43 %, no exercicio anterior dun 0,42 %, dun 0,42 % o mesmo en delitos, senón en delitos cualificados, é dicir onde xa o Ministerio Fiscal interveu, dun 0,03 % tanto no exercicio 2021 e 2020. E na Fiscalía Xeral do Estado onde si se fai unha reflexións, se fala tamén desa estabilidade por baixo do 1 %, mais en todo caso dun descenso respecto do exercicio anterior nun 9 %. Todos os delitos, todas as infraccións ou (non se entende) xurídicos por suposto son graves e

PARLAMENTO DE GALICIA

preocupantes, pero neste caos ao mellor non é tanto polo feito delictivo senón por unha ausencias como lamentablemente estamos vendo estes días con máis intensidade na cidade de Vigo, dun problema de ausencia de vivenda pública, que leva á utilización, á necesidade de utilización dun espazo que en moitos casos nin sequera ten as condicións de habitabilidade.

En todo caso, tamén gustaríame saber a súa reflexión sobre a eficacia da instrución 1/2020 da Fiscalía Xeral do Estado, se iso permitiu para desmontar bulos, como que excede das 48 horas onde xa non se podía facer nada, para poder distinguir a usurpación de allenamiento de morada, e incluso se é eficaz para que unha persoa que vira violentamente ocupada a súa primeira ou segunda vivenda, pois por esas medidas cautelares tanto xudiciais como mesmo das forzas e corpos de seguridade, puidera recuperar ese inmóbil de carácter inmediato.

Preguntaría tamén, se o feito de non incluír as propostas de reforma da Fiscalía Xeral do Estado, quere dicir que non está de acordo con elas ou que simplemente o fai para evitar reiteracións inútiles.

Despois dúas cuestións xa para ir concluíndo, unha en relación con ese tráfico de drogas. O tráfico de drogas tamén, vendo no contexto, chama a atención que cada vez os feitos esclarecidos sobre este particular descenderon segundo o Ministerio do Interior respecto dos últimos anos. As forzas e corpos de seguridade reclaman un incremento de medios materiais, de medios persoais, e un sistema organizativo mellor. Con certa preocupación, varios medios de comunicación estes pasados días...

A **señora presidenta (Díaz Mouteira):** Señor Tabarés, ten que ir rematando.

O **señor Tabarés Pérez-Piñeiro**: ...hai dous días falaban de que Galicia estaba sendo o punto de mira dos grandes carteles mundiais do tráfico de droga e tamén do blanqueo. ¿Que medidas consideraría o Ministerio Fiscal sobre este particular?

E despois dúas cuestións máis brevemente. Unha, xa manifestamos neste Parlamento en diferentes ocasións e por diferentes vías. Chama a atención e con preocupación o atenuante de dilacións indebidas. ¿Existe algún estudo de cantas veces se está aplicando ese atenuante? Vemos na Audiencia Provincial de Ourense, ou novamente como pasou en Barallas e como pasa en moitos sitios, unhas condenas irrisorias que en moitos casos non implican ingreso en prisión pola aplicación cualificada deste atenuante. ¿Existe estudo? ¿Ve a necesidade de realizar un estudo sobre este particular?

E para rematar, simplemente facerme eco desta instrución 1/2022 da Fiscalía Xeral do Estado, que considera necesaria a intervención da fiscalía cando hai

PARLAMENTO DE GALICIA

medidas en residencias de subxección ou limitación sen consentimento e sen autorización facultativa, e agora simplemente transmitir, aquí na Xunta de Galiza se teñen detectado casos con estas circunstancias, nalgún caso moi numeroso, nalgunha residencia de medidas de subxección non consentidas, non informadas, e sen intervención facultativa. Esas medidas non se puxeron en coñecemento da Fiscalía. Esas medidas mesmo o Partido Popular, negou

A **señora presidenta (Díaz Mouteira):** Creo que a súa mensaxe está dado. Remate por respecto aos compañeiros, por favor.

O **señor Tabarés Pérez-Piñeiro**: ...sobre iso considera e o Fiscal Superior que un comportamento correcto, e pensa facer algo fronte a esa circunstancia que denunciamos neste caso, e volvemos a reiterar e que en todo caso consta nos expedientes da Xunta de Galiza.

E por último, nada máis, moitas grazas á presidencia pola súa paciencia e ao Fiscal Superior pola súa comparecencia e as súas contestacións.

A **señora presidenta (Díaz Mouteira):** Que remedio, que remedio señor Tabarés.

Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra a señora Paula Parado del Río.

A **señora Prado del Río**: Moitas grazas, señora presidenta.

Señoría.

Señor Fiscal Superior, moitísimas grazas pola súa extensa explicación da memoria que aínda así seguro que quedaron moitos temas, vostede non que os tocou todos, pero nós temos menos tempo e loxicamente non podemos abordalos todos.

Quero agradecerlle a vostede a ao seu equipo, pero tamén aos equipos das fiscalías provincias que tamén fan a súa aportación a esta intensa e prolixa Memoria.

Ademais de felicitar o traballo da Fiscalía, eu respecto ao que dixo o portavoz do BNG, da imparcialidade ou non da Fiscalía, nós non temos ningunha dúbida da imparcialidade e da profesionalidade da Fiscalía, a pesar de que non se dan moito as declaracións do presidente do Goberno de España cando di iso: ¿de quen depende a Fiscalía? Pois iso, claro. Iso a verdade é que non axuda moito a que vostedes teñan unha imaxe de absoluta imparcialidade, e nós consideramos que a súa profesionalidade, a de todos os fiscais, está por riba de calquera de calquera dúbida.

PARLAMENTO DE GALICIA

Respecto a cuestións meramente de persoal e técnicas dicir algunhas cousas. Dende que se aprobou a RPT no ano 2014, producíronse incrementos no cadro de persoal en dúas en dúas ocasións, no 2020 cun incremento e sobre o cadro de persoal existente do 30 %, no 2022 tamén outro 8 %, creándose dende este último incremento de prazas singularizadas nas oficinas fiscais de Lugo e de Ourense. E como partido que sustenta ao Goberno, nós queremos tamén manifestar a nosa satisfacción de que estes incrementos de persoal, ademais a Xunta de Galicia segue a manter medidas de reforzo para paliar situacións conxunturais nas oficinas, como persoal de reforzo e prolongacións de xornada. O total de efectivos que na actualidade reforzan as oficinas da Fiscalía elévase a 8, e nas fiscalías provinciais de Lugo, Ourense e Pontevedra.

Neste sentido tamén coincido ca portavoz do Partido Socialista, de que a mediación tamén é importante, e aquí tamén quero poñer en valor o traballo que se fai dende a Xunta de Galicia, que no ámbito da mediación pois o Goberno da Xunta comezou no 2009 coa implantación en Santiago dun programa piloto que se estendeu a todas as cidades, Ourense, Vigo, Pontevedra, Lugo, A Coruña e Ferrol. Un traballo, que como vostede sabe, é coordinado co Consello Xeral do Poder Xudicial, coa Fiscalía e tamén co Colexio Oficial de Psicólogos. E hoxe a través do convenio co Consello Galego de Avogacía, calquera familia, viva onde viva en toda Galicia, pode acollerse a este servizo. E no ámbito civil e mercantil pois a mediación tamén está estendida a toda Galicia, grazas a un convenio co Consello Galego de Procuradores.

Por tanto eu creo que neste sentido a Xunta de Galicia tamén está traballando ben e está colaborando coa Fiscalía e co Consello Xeral do Poder Xudicial.

E vou falar dalgúns temas concretos que nos preocupan máis respecto á incidencia no número, en canto a delitos. Sobre violencia de xénero, observamos que a Fiscalía incide en que a loita contra a violencia de xénero é unha prioridade para este órgano, e bueno lamentablemente, tal e como se comproba nos datos recollidas nesta Memoria, este tipo de violencia contra as mulleres seguen medrando en Galicia, e de feito, os delitos de violencia de xénero supoñen un 12 % do total procedementos que se iniciaron nun 4 % das sentencias. E sorprende que ante este aumento se denegue polo Fiscal Xeral do Estado, un fiscal de reforzo para o servizo no xulgado de violencia sobre a muller na Fiscalía Provincial da Coruña. Non sei se a día de hoxe iso está solventado ou segue a Fiscalía Xeral do Estado sen facer fronte a ese reforzo.

E tamén sorprende que fronte a este aumento das denuncias por violencia de xénero, o Goberno central veña de denegarse a creación de novos xulgados de violencia de xénero en Galicia, alegando baixa litixiosidade. De feito, nun escrito firmado polo propio Ministerio de Xustiza, fai referencia a que tanto a Xunta de Galicia como o Consello Superior do Poder Xudicial, solicitaron na elaboración da programación, entendo que a Comisión Mixta do ano 2023, a creación dun xulgado de violencia sobre a muller en Santiago, pero o que di exactamente o Ministerio é: «en la valoración final

PARLAMENTO DE GALICIA

de la concreción de unidades judiciales por parte del Ministerio de Justicia, no se procedió a su creación, al existir otras necesidades judiciales más urgentes que atender.»

Resulta canto meses roprendente que ante un aumento dos delitos de violencia de xénero en Galicia, e ao falar do Goberno que presume ser o máis feminista da historia de España, pois se nos negue a creación deses xulgados. Certamente estamos a falar de datos do 2022, pero é que si vemos a evolución deste ano pois a cousa non mellora. Delitos contra a liberade sexual suben un 15,7 % en Galicia no primeiro semestre do 2023. E os recursos tampouco se incrementan por parte do Goberno de España. «La falta de agentes atasca el servicio policial especializado en violencia machista.» Concretamente en Vigo. E tamén quero salientar que a memoria detalla os traballos realizados para a implantación do novo modelo de coordinación entre oficinas de asistencia ás vítimas en Galicia, entre as que destaca a aprobación do protocolo de actuación na asistencia integral ás vítimas do delito, con especial consideración ás vítimas de violencia de xénero e outras vítimas especialmente vulnerables.

E aquí quero poñer o foco non nas reflexións que fai a Fiscalía Provincial de Ourense, que indica que o labor desta oficina é inoperante, e que se limitan a informar ás vítimas dos centros aos que poden acudir para solicitar axuda e pouco máis. Unha manifestación que cobra sentido coas alegacións e queixas do persoal das oficinas, que salvo en Pontevedra e Lugo, indican que a relación coa Fiscalía é nula, que non aplican o protocolo aprobado en marzo, e que non se pon en práctica a rede de coordinación e derivación de vítimas deseñado, nin tampouco permiten as profesionais permanecer coas vítimas se se entrevistan con elas solicitando unha maior coordinación e respaldo do seu traballo.

Ben, como vostede na última reunión da Comisión Mixta expúxose este problema, e por parte da Fiscalía propuxéronse as posibilidades de realizar reunións co persoal das oficinas para garantir esa maior coordinación. Eu quixera trasladarlle aquí, señor fiscal, que parece que segundo informan da Oficina de Asistencia ás Vítimas de Ourense, non houbo ningunha reunión coa Fiscalía. Non sei se ao mellor vostede pode dicir hoxe algo máis, e que a relación coa Fiscalía pois segue sendo nula. Non sei, insisto, se ten avanzado algo, porque nós consideramos que é primordial que se establezan eses vínculos de coordinación e de derivación das vítimas ás oficinas, e que se coñeza a importancia do labor das oficinas para a asistencia de acompañamento ás vítimas.

Ao igual que a apertura dos centros de 24 horas para vítimas de violencia sexual, as comunidades autónomas xa no ano 2021, as gobernadas polo Partido Popular votaron a favor na Conferencia sectorial do autoimpulso destas oficinas, e as gobernadas polo Partido Socialista pois se abstiveron. Poñerse de perfil neste tema a nós parécenos bastante grave.

PARLAMENTO DE GALICIA

Outra das cuestións que me chamou particularmente a atención e que non pode estar máis actualidade, foi no apartado de temas específicos de obrigado tratamento, e que este ano a Memoria dedica á vulnerabilidade das persoas estranxeiras, e ás diversas respostas xurídicas ante o fenómeno da migración.

Nas diversas aportacións sobre esta materia que fan as fiscalías provinciais, gustaríame incidir no que traslada a Fiscalía Provincial de Pontevedra cando fala de que no ámbito da violencia sobre a muller, a inmigración irregular, fai xurdir unha criminalidade especifica, que fai das migrantes vítimas cunha fraxilidade engadida á de calquera outra, e por iso a persecución eficaz destes delitos demanda varios cambios lexislativos, que pasan entre outros pola tipificación da escravitude, da servidume en relación co delito de trata de seres humanos, e cos delitos de explotación laboral, ou o castigo penal do proxenetismo e da (non se entende) localitva.

Nós aquí botamos en falta señor Fiscal, que o Goberno de España canto antes e cumpra o pacto estatal contra a violencia de xénero, que xa é do ano 2017, e no que ía incluída unha medida clave para este tema, que é a Lei de trata. Nós, insisto, creo que isto é un tema fundamental e sobre todo coa crise migratoria que estamos a vivir en España, e que agora en Galicia tamén nos trasladan persoas inmigrantes que non sabemos se son mulleres, se son nenos, e non hai practicamente información según estamos lendo na prensa, máis que a que lanza o delegado do Goberno manda un número simplemente de persoas que trasladan, e que loxicamente aquí atenderemos coa máxima humanidade, coa máxima atención social, sanitaria e humanitaria. Pero loxicamente non sabemos se veñen mulleres, en que condicións veñen e se tamén poden ser afectadas mulleres e nenos poden ser vítimas de trata nun momento determinado.

Insiste tamén á Fiscalía Provincial da Coruña en abordar as vicisitudes de once procedementos por delitos de trata de seres humanos e inmigración ilegal e prostitución con vítimas procedentes de países iberoamericanos, e tamén de Nixeria. Por iso creo, insisto, máis necesario que nunca o cumprimento deste pacto, e a e a Lei de trata.

Nós vemos tamén como na prensa, insisto en que a memoria é do 2022, pero é que a actualidade manda: «El Gobierno reconoce el descontrol de la emigración ilegal deriva a onegues a los que no logra devolver.» Eu valoro moitísimo o traballo das oenegués, pero as oenegués son o que son, moitas veces están compostas por voluntarios, e lonxe diso creo que teñen que ser atendidos por profesionais, profesionais dos servizos sociais, por profesionais sanitarios, e nese ámbito eu insisto, creo que hai que ser moito máis rigoroso e moito máis serio con este tema.

Hai outro tema do que xa se falou aquí, que é o aumento do narcotráfico, e tamén vemos como a fiscalía ten avisado, e eu xa o teño dito aquí nesta comisión, algunha noticia. «La Fiscalía avisa del aumento del narcotráfico en la comunidad y pide

PARLAMENTO DE GALICIA

personal y medios técnicos.» Señor Fiscal, ¿a Fiscalía ten suficiente persoal e medios técnicos para enfrentarse ao narcotráfico, ao incremento deste delito que leva implícito que haxa moita máis droga nas rúas? E que, polo tanto, a droga sexa máis barata e vemos que moita xente nova está cada día peor neste ámbito, con moitísimas adicións, cada vez con maior facilidade e acceso á droga.

Os recursos son finitos, e loxicamente se a Fiscalía non dispón de recursos para loitar contra este delito, pois é difícil. «Juzgados saturados por el narco y mucho mas.» Quero dicir, os xulgados tampouco están reforzados por xuíces de reforzo, non hai

A **señora presidenta (Díaz Mouteira):** Ten que ir rematando, coa mesma flexibilidade que os compañeiros.

A **señora Prado del Río:** Non hai unha resposta contundente por parte do Ministerio de Xustiza neste ámbito.

E finalmente quixera falar dunha cuestión que vostede abordou, que son as propostas de reforma lexislativa, que é a tipificación penal relacionada co suposto de usurpación de bens inmobles. Nós consideramos señor fiscal, que efectivamente hai que ser máis contundentes con este delito. O que non se pode é facer unha lei de vivenda que facilite aínda máis a ocupación e a usurpación de inmobles, e neste sentido coincidimos con vostede, coa Fiscalía, coa memoria, coa reforma lexislativa que vostedes plantexan, en que é absolutamente imprescindible que esa reforma se aborde con urxencia para darlles seguridade xurídica aos propietarios que ven vulnerado o seu dereito fundamental e constitucional á propiedade.

Moitísimas grazas.

A **señora presidenta (Díaz Mouteira):** Grazas, señora Prado del Río.

Para o peche da comparecencia ten a palabra o fiscal superior de Galicia.

O **señor Fiscal Superior de Galicia (Suances Pérez)**: Moitas grazas señora presidenta, e moitas grazas tamén a todos os intervenientes, da maneira que efectivamente tomo nota de todas as cuestións que van interesando, algunhas de gran calado, outras menos, e sobre todo quero dicir, como todos os anos, que moitas das cuestións que se presentan desfasan a competencia do que é esa Fiscalía superior, ten unha cobertura moito maior dentro do que é a conformación do Estado, e entón, pero a través de contestar un pouco a algunhas das cuestións plantexadas.

Empezando polo grupo parlamentario do PSOE, pois efectivamente, a ratio dos fiscales, aumento, necesidades e demais.

PARLAMENTO DE GALICIA

Bueno, nós estamos como precisamos na memoria, nunhas ratios semellantes á Fiscalía Xeral. É dicir, en Galicia temos 5,54 fiscais por cada 100.000 habitantes, e a media española é de 5,50. ¿Que debería de ser maior? Por suposto que si, apoio calquera iniciativa nesa materia. En comparación cos países do noso entorno europeo, evidencia que temos moitos fiscais, agora ben todos eses estudos teñen que facerse cun debido equilibrio, moderación, e tendo en conta que por exemplo nós non somos os instrutores de momento en materia penal, nin somos os investigadores, e en cambio outros países cos que nos comparamos si. De maneira que teñen outra distribución distinta que pode dalgunha maneira enturbiar as ratios que necesitamos.

En calquera caso. Si, efectivamente apoio se o Grupo Parlamentario decide pois benvido sexa, que haxa máis fiscais a nivel estatal e que haxa máis fiscais en Galicia. Sobre todo unha das cousas que estamos reclamando a carreira fiscal, é que nun futuro máis próximo que tarde, fagamos fronte á peza fundamental que é a instrución, ou se se quere a investigación dos asuntos penais. De maneira que conflúe igual con outros países europeos, como pode ser Portugal.

Nese caso si vai necesitarse un incremento de fiscais, un incremento importante, unha distribución nova, uns medios, unha serie de medidas que a Lei de enxuizamento criminal, os anteproxectos que se presentaron estes últimos anos xa prevé na súas disposicións transitorias, pois nada menos que 5 anos para a entrada en vigor para poder realizar unha serie de cambios importantes nesa materia, entre eles o que se refire á carreira fiscal.

Logo, plantexan unhas interesantes preguntas en materia de se son necesarios novos xulgados de instrución, máis persoal do Imelga, as quendas de 24 horas. Bueno, empezando polo último, nós apoiamos sempre que se integren xa as quendas de 24 horas na Coruña e en Vigo. Debo dicir que estas cousas teñen varios aspectos. Unha é a necesidade de implantalas se nós vemos convinte isto. Fixemos un estudo polo que se refire á Fiscalía, efectivamente iso melloraría considerablemente no que a nós se refire a xestión das gardas por parte da Fiscalía.

Pero dito isto, hai que ter en conta tamén algo que corresponde, digamos aos órganos xestores, neste caso á Xunta de Galicia e ao Ministerio de Xustiza, é dicir, as estatísticas que determinan se é necesario que na Coruña por exemplo haxa máis xulgados de instrución, que haxa máis xulgados instrución en Vigo, que si, que non, e que as gardas se realicen dunha ou doutra maneira.

Nós só temos eses datos dunha forma indirecta, de maneira que nós, desde o noso punto de vista de se apoiariamos e apoiamos publicamente e nun expediente gobernativo á instancia dos grupos parlamentarios, e máis que nada tamén doutros

PARLAMENTO DE GALICIA

actores sociais, como sindicatos. Pois efectivamente, fixemos tamén unha petición nesta materia.

Xulgados de instrución, persoal do Imelga. Dixemos moitas veces que o persoal do Imelga, o Imelga en si mesmo é un elemento absolutamente vital. Eu digo tamén que durante moitos anos, moitos, moitos para min demasiados, estiven de fiscal de menores e ao mesmo tempo de fiscal de vixilancia penitenciaria. Bueno, naqueles tempos hai moitos anos, solo había un equipo técnico no xulgado de menores da Coruña, e os informes se retrasaban, informes necesarios e vitais para poder desenrolar o procedemento se retrasaban ao mellor 1 ano. Iso, pois efectivamente remontou e se solucionou o problema cun aumento de equipos.

O Imelga é, como digo, unha peza fundamental, nós tamén apoiamos se se pode naturalmente e os presupostos o permiten, pois aumentar o persoal deste órgano que é básico. Pensemos por exemplo en procesos de divorcio onde hai nenos e ten que retrasarse un ano, ou menos ou máis, un informe especificamente importante para isto.

En calquera caso, aí xúntanse tamén temas de natureza presupostaria, de xestión e da propia organización do sistema do Imelga.

Sistemas tecnolóxicos, o Fortuny dixital bueno, pois aí estamos. Sen ir moito máis lonxe onte celebramos unha reunión con Antega de todos os fiscais involucrados en Galicia neste tipo de cousas, tratamos de seguir avanzando, tratamos de seguir facéndoo mellor, e eu creo que no último ano as fiscalías progresaron en materia de calidade, e progresaron tamén cuantitativamente.

É un tema sensible para nós e para todos, para a administración de Xustiza, para a cidadanía. Faremos os mellores esforzos posibles para tratar de desenrolalo.

Moitas veces falando con Antega dicimos que se conseguiu, polo menos iso creo, que co Sergas todo o sistema tecnolóxico funcione moi ben, pois iso é ao que aspiramos nós tamén que pase na administración de Xustiza.

No que se refire ao novo edificio da Fiscalía autonómica. Bueno, case lle digo que iso máis que nada depende dese grupo parlamentario ou do Goberno de España, porque hai uns anos con outro fiscal superior pediuse que se tivera un edificio diferente, igual que ocorre coa Fiscalía xeral do Estado que está nun sitio distinto, na calle Fortuny, por iso se chama o sistema dixital Fortuny, cerca do Tribunal Supremo nun palacete moi bonito. Iso se pediu en Galicia, e en honor á verdade a Xunta estaba disposta a facelo, incluso tiña presuposto pero non lle pareceu convinte ao Goberno de España.

PARLAMENTO DE GALICIA

Non é unha necesidade preferente, entendo eu, eh. A Fiscalía Superior como tal Fiscalía Superior está ben ubicada no Tribunal Superior de Xustiza e coa plantilla que temos actualmente sería máis que suficiente. Outra cousa é mellorar sempre na medida do posible, e se as circunstancias o requiren, pedir iso tamén. Pero digo que non é unha prioridade de momento.

E o que se refire á actividade propiamente estatística bueno, os datos digo a todos os representantes dos grupos que as estatísticas hai que tomalos con certo equilibrio e poderación, porque... Por exemplo a seguridade viaria, un ano aumenta, outro diminúe, outro se mantén igual. Bueno, hai que miralo tal vez como facemos nalgunha ocasión os 10 últimos anos que pasa, que pasa nos últimos 5 anos, e nese sentido bueno...

A seguridade viaria, bueno se incrementa, é necesario unha nova concienciación. Home, eu creo que tanto en violencia sobre a muller, como en seguridade viaria son dúas das especialidades imos chamarlle así, o campus onde eu creo que a cidadanía está máis concienciada, onde máis recursos se dedican, onde mellor se está traballando. Iso non quere dicir que a seguridade viaria aumente ou diminúa. Diminuíu loxicamente, evidentemente. Loxicamente cando foi a pandemia porque ninguén podía conducir. Despois aumentou considerablemente e agora estamos en avances en que un ano sube un pouco, outro ano sube menos... Sigue sendo lóxico que o delito de condución baixo influencia alcohólica sexa un dos maiores, porque é un tipo delituoso moi sinxelo de tramitar. Non só en xuízos rápidos se non tamén se require soamente na maioría dos casos dúas ou tres cousas, o que deu o alcolímetro, testificar a garda civil ou da policía local, e iso é moi fácil de que chegue a xuízo rápido e que teña unha sentenza condenatoria.

Eu creo que en concienciación, e no que se refire á cidadanía e en novos mecanismos ou ferramentas legais, seguridade viaria está ben, non necesita máis. Iso si, seguirémonos esforzándonos nesa materia, no ámbito policial, o ámbito xudicial. A Fiscalía ten unha unidade especializada que é a de seguridade vial, que realiza e é unha das máis activas, realiza cantidade de instrucións, manda recordatorios e reunións coas policías, vén tamén aquí á comunidade autónoma de cando en vez e realiza unha función moi meritoria.

Liberdade sexual. Pois o mesmo, aumento en materia de menores, bueno si hai que seguir nunha serie de actividades que tamén son alleas ao ámbito xudicial. Por exemplo, a educación na escola. Hoxe precisamente trae a prensa, os medios de comunicación que determinadas institucións no ámbito educativo que piden por favor que a educación na escola aumente, que haxa unha maior concienciación, que se realicen programas e demais, porque ven que o acoso escolar por exemplo segue medrando.

PARLAMENTO DE GALICIA

Violencia de xénero. Bueno, o que dixemos, eu creo que España como antes dixen na lectura da memoria, é un dos países máis punteiros nesta materia, de tal maneira que ás veces países europeos recorren a nós para saber un pouco como se fai aquí e ter reunións, e tamén avanzar.

Bueno, efectivamente claro que si, que cada día eu entendo que hai unha mellor concienciación, que hai máis denuncias, é que hai máis posibilidades e máis protección á muller para que todo iso siga un trámite e poida aumentar.

Quebrantamentos, reiteracións nesta materia, pois si, pois claro que si. Aí habería que diferenciar entre algúns que teñen unha mellor, unha pequena importancia e outros que teñen unha maior importancia.

Xa digo que en violencia sobre a muller, pois pódese progresar aínda máis.

Que se hai necesidade de novos xulgados sobre violencia sobre a muller. Pois claro que si. De todas maneiras, volvo a insistir que esa é unha cuestión tamén que dende o punto de vista teórico a nós nos parece que si, que debería existir máis xulgados de violencia sobre a muller, pero que está tamén relacionado coas necesidades presupostarias e as necesidades tamén de coordinar cos xulgados que existen de coordinar con nos xulgados que existen neses sitios. Que non haxa un xulgado de violencia sobre a muller... bueno pois nun sitio rural non quere dicir que non se siga. É dicir que alí o xulgado de instrución ou o que sexa ten esa competencia e o continúa.

Menores, protección. Si, protección é unha das cuestións, un dos campos importantes. Non son os menores que cometen ilícitos penais, senón os menores que están ou que necesitan unha tutela, que necesitan unha orientación, que necesitan programas etc.

Que hai escaseza de equipos técnicos na Xunta. Bueno, pois é unha cuestión máis interna ao que é a propia Xunta.

Dende o punto de vista da Fiscalía, nós xestionamos esa parte de protección, naturalmente en coordinación, que é quen ten que levalo, coa consellería neste caso de Política Social.

O mesmo ocorre con centros de internamento de menores, é tamén unha competencia da Xunta, da consellería correspondente.

Que faltan centros, que hai problemas... Eu diría, que tanto en materia de protección, como en materia de reforma, máis que faltar centros eu diría que o que había que darlle unha volta é a xestión do centro. Por exemplo como centro paradigmático temos o de Rábade, que dende hai anos, dende que era eu tamén fiscal de menores, pois

PARLAMENTO DE GALICIA

sempre existiu aí unha problemática, que eu creo que está máis en relación coa xestión que non con incremento de persoal. Porque por exemplo ese ten moito persoal e moi poucos menores. De maneira que habería que acomodar un pouco iso.

A instrución sobre falecemento de maiores nas residencias. Bueno, nós continuamos, o noso traballo que é averiguar, saber, investigar se eses centros se xestionan de forma adecuada, se hai lícitos penales, se hai algunha violación de dereitos fundamentais. E iso é o que intentou ou intenta controlar a Fiscalía Xeral do Estado. Hai algúns centros aínda que teñen algún tipo de problemas, e a instrución estaba referida tamén a unha serie de cuestións de como deben facerse as investigacións neste tipo de cousas, estando presentes sempre o Ministerio Fiscal, porque ás veces as necesidades non o permiten. Bueno, pois a Fiscalía xeral entendeu que debería estar sempre presente o fiscal neste tipo de casos, como se deberían de facer, ofrecemento, accións etc.

No que se refire ao Bloque, o sistema de elección de Fiscal Xeral de Estado, desfasa con moito as previsións e a consideración da Fiscalía Superior. Si debo dicir, porque o creo firmemente, que sexa quen sexa o Fiscal Xeral do Estado, e desde que eu son fiscal, hai que dicir que garantizamos unha lealdade constitucional da institución. Pode gustar máis, pode gustar menos, pero nós temos unha lealdade constitucional e institucional, que eu entendo que si.

Outra cousa é como se xestione iso, se parece ben ou parece mal. Que hai un trato en administración de xustiza que debería revisarse, no sentido de que hai unhas degradacións, na esfera nacional, na esfera internacional?. Eu creo que si.

Pacto de estado non é solo como eu digo, o que se refire á materia presupostaria, si iso é importante, é importante porque non se lle fai moita consideración a iso, pero caramba dun 2 % que teñen de produto interior bruto os países do noso entorno a ter menos dun 1 %, pois é importante. E bueno, iso son discusións de verán. Bueno, si, si e non, pero ademais se o 70 % se dedican precisamente a materia de persoal, de pagar nóminas, ¿que nós queda entón?

Todo iso é importante, pero un pacto tal como eu entendo en materia de xustiza, supón moitas máis cousas. Supón poñerse de acordo na elección de Fiscal Xeral do Estado, en como hai que reformar ou xestionar o Consello do Poder Xudicial. Como debe tratarse á xente, aos cidadáns na administración de Xustiza, como se relacionan as fiscalías, como é posible que se estea falando agora en materia de sanidade que a nivel estatal o ministro e se o Ministerio de Sanidade entenda que poda facerse unha tarxeta sanitaria única, e están a traballar niso. Oia, aproveitemos tamén para facer un sistema telemático único para todas as fiscalías de España, para todos os xulgados, etc., etc., que iso aínda queda por aí, porque aínda hai moitas cousas. Que un pacto de Estado en materia de xustiza significa moitas cousas, entre elas tratar sobre os problemas estes que son moi importantes.

PARLAMENTO DE GALICIA

Estatística. Aumentos, diminucións 2022, bueno imos ver, como dicía antes a estatística probablemente do 2023 pois a consecuencias de folgas e outros problemas que houbo baixemos outra vez a unha redución e o que era un aumento agora se reduce. Aumentos de delitos e integridade moral, diminución noutro tipo de ilícitos penales, aumentos en violencia sobre a muller, aumentos en menores, en lesións, en liberdade sexual, en tráfico.Todas esas cousas como digo, hai que ver a estatística con certa tranquilidade.

A análise, bueno nós aportamos os datos, e a pesar das propostas que nós podamos facer, correspóndelles a expertos máis especializados nesa cuestión.

O que se refire a menores de 14 anos. Bueno, por aplicación do artigo 3 da Lei de responsabilidade penal dos menores, pois os menores de 14 anos quedan fóra da responsabilidade penal, imos chamarlle así, cando cometen ilícitos penais, de maneira que iso pasa en todas as comunidades autónomas, o organismo correspondente e entraría dentro que iso que antes denominamos protección de menores, non reforma senón protección. Entón, aí as comunidades autónomas teñen que activar determinados mecanismos que están previstos na lei, apoio psicolóxico, ver que pasou e todas as demais cuestións.

¿Por que aumentan en menores de 14? Bueno, é difícil iso, probablemente a educación sexa unha cousa importante, pero o que se refire a menores de 14 anos pois xa digo que queda un pouco fóra do que é a análise máis preciso de porque se cometen eses ilícitos.

A **señora presidenta (Díaz Mouteira):** Sinto invitalo a ir rematando, pero a orde do día e están esperando para ...

O **señor Fiscal Superior de Galicia (Suances Pérez)**: Moitas grazas, así o faremos.

Tráfico de drogas, atenuante de dilacións indebidas, demasiadas. ¿Que pasa a respecto? Bueno, atenuantes de dilacións indebidas entraría niso que dixemos antes. Imos ver, imos facer un pacto de estado en materia de xustiza, e unha das cousas fundamentais é a velocidade, a dilación que sofre a administracion de Xustiza, que iso afecta non só a nós a nivel interno senón externamente porque iso é un parámetro fundamental para todo o que se ve desde fóra. Inversións en España, e ver como funciona a administración. Unha é esa garantía e esa seguridade xurídica, e outra é o que se tarda en facer xustiza.

Bueno, como imos rápido. Imos dicir algo, o que dixo o PP, mediación importante. Si, claro que a mediación é importante. A min o que máis me preocupa

PARLAMENTO DE GALICIA

sobre todo no relativo a menores, non é tanto os menores de 14 anos senón que non se encontren ferramentas suficientes para ir aumentando o que son as medicións, o que é a reparacións extraxudiciais, o que é terminar antes o pleito en materia de menores, que parece moito máis sinxelo que en adultos, e sen embargo aí non progresamos. Non chegamos nin de lonxe nin ao 20 % ou o 25 %, que sería o necesario.

A violencia de xénero, que relatan determinadas consideracións na Fiscalía provincial da Coruña. Novo fiscal. Bueno, en materia de violencia de xénero estamos ben. Cada fiscalía provincial ten un especialista como mínimo en violencia sobre a muller, e agora o que imos a facer posto que cesou a fiscala autonómica que se ocupaba diso, posto que agora é a tenente fiscal en Pontevedra, nombrar e xa está o proceso en marcha, xa efectuamos unha proposta para o fiscal de violencia de xénero en materia autonómica.

Liberdade sexual, oficina de asistencia ás vítimas. Si, oficina de asistencia ás vítimas é un problema de antigo que non se entende ben, que non teño moito tempo para explicalo, pero iso en dúas pinceladas quere dicir, que nun momento determinado se ocupaban as fiscalías, pero logo incluso a fiscalía autonómica de Madrid, a Fiscalía superior creou un servizo especializado solo para iso, que empezou a ter 500, ou 1.000 asuntos ao ano. Pero logo cambiou a lexislación do Estado, Estatuto das vítimas, Reglamento e demais. Non, iso é competencia das comunidades autónomos, entón o problema é ese, non é de fiscalía.

Nós, claro efectuamos menos intervencións niso porque xa no é competencia nosa. É verdade que poden vir á fiscalía e seguimos mantendo un servizo pero no é competencia nosa, depende da comunidade autónoma, de que desenrole ben iso. Segue sendo un tema de tratamento nas comisións mixtas, os xulgados decanos reciben, depende de que haxa equipos que se foron introducindo normalmente, etc., etc.

Bueno, narcotráfico, usurpación de bens inmobles. Tema de obrigado tratamento, pero non teño moito tempo. Solo dicir que en usurpación de bens inmobles contesto tamén ao Bloque, as fiscalías facemos un apartado nas memorias que é un tema de obrigado tratamento, que nos propón a Fiscalía xeral do Estado. Iso é o que se refire aos estranxeiros e demais. E logo tamén facemos propostas, pódense facer propostas, vostede considera que determinado ilícito penal non debe de ser, ou considera que determinadas condutas deben en cambio de tipificarse. Iso non quere dicir que a fiscalía xeral do Estado o asuma. Simplemente son propostas que se fan desde as comunidades autónomas. E aínda que se refire ao tema da usurpación de bens inmobles, nós consideramos desde o meu punto de vista que é un tema importante que debería tratarse e debería tipificarse doutra maneira. Por certo, como fai un país que temos sempre de referencia en materia penal, que é Alemaña. Bueno e en Alemaña fan doutra maneira, bueno moi ben, pero asumimos que a Fiscalía Xeral do Estado e o Goberno entenda, dentro do seu lexítimo proceder e xestión, que iso non ten máis referente.

Bueno, como non teño máis tempo agradezo de novo señora presidenta, lamento terme estendido demasiado. Moitas grazas a todos os asistentes, feliz Nadal de todos os fiscais de Galicia, e espero que nos vexamos o ano que vén.

Moitas grazas.

A **señora presidenta (Díaz Mouteira):** Grazas, señor Suanzes pola súa comparecencia e pola súa explicación detallada, que todos agradecemos pero temos unha orde do día e sentimos tamén facer esperar aos demais asistentes.

(Remata a comparecencia ás 12.25 horas).